



“Unha peza de teatro social e educativo onde os dereitos dos nenos e dos maiores van máis alá do puramente artístico”

Entendemos que os máis pequenos teñen dereito ao descanso, ao xogo, a realizar actividades propias da súa idade..., pero tamén cremos que teñen dereito a participar plenamente dunha vida cultural e artística, a ser coñecedores do que pasa ao seu redor dunha maneira apropiada e en condicións de igualdade.”

Tanxarina



TÉCNICA: Manipulación de siluetas animadas e traballo cómico - actoral.

DURACIÓN: 50 minutos.

PÚBLICO: familiar, nenos e nenas a partir de 6 anos.

MEDIDAS ESCENARIO: 5 m (largura), 5 m (fondo), 2.80 m (altura).

SINOPSE: Roberto recibe a noticia de que o seu avó vai quedar sen casa. Ante esta inxusta situación o nenoponse en marcha para atopar unha solución e, nesta busca, dispárase un mundo de pequenas e divertidas aventuras protagonizadas polas máis variadas personaxes. Un encontro cómico e poético que desemboca nun final feliz propiciado polo apoio solidario.

FICHA ARTÍSTICA:

Actores – manipuladores: Eduardo Rodríguez, Miguel Borines e Andrés Giráldez.

Guión e dirección: Cándido Pazó.

Deseños, escenografía e atrezo: Pablo Giráldez 'O Pastor'.

Vestiario: Carlos Alonso.

Músicas: Francisco Barreiro.



CRÍTICAS DE PRENSA:

ROBERTO PASCUAL (Director Mostra Int.de Teatro de Ribadavia)

“Presentábase coma unha conxunción de talentos ou reunión dunhas das mellores mans que poden manexar o compás da escena galega e non defraudan en cada función diante do público familiar. Tanxarina preséntanos a súa nova creación con impecable resolución estética e técnica. A casa do avó de Roberto ten un final feliz... O suceso remata en festa e a música na boca de todos os amigos do avó, coma un verdadeiro patrimonio colectivo.

CAMILO FRANCO (Crítico teatral)

Tanxarina fai unha actualización dos contos nos que o malo era o lobo, o oso, o bosque en xeral e metían medo nos rapaces con esas figuras... incorpora elementos que normalmente asumimos os adultos; facéndoo de xeito simbólico que creo que é a maneira de explicar estas situacións aos rapaces.

Visualmente ten un toque case vintage, con elementos moi traballados, moi coidados, moi resultóns para os rapaces; cunha manipulación moi directa.